



Informe de modificacións da 1ª Revisión do Plan Forestal de Galicia 2021-2040 “Cara á neutralidade carbónica” tralo Informe previsto no artigo 54.9 da Lei 1/2021, do 18 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia

Recibido en data 29/06/2021 o informe previsto no artigo 54.9 da Lei 1/2021, do 18 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, emitido pola Dirección xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo como órgano competente en aplicación do disposto no artigo 13.1 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, esta dirección xeral vén de incorporar o contido deste informe na 1ª Revisión do Plan Forestal de Galicia 2021-2040 “Cara á neutralidade carbónica”, do seguinte xeito:

Modifícase a medida II.3.4. Revisión e actualización dos plans de prevención e defensa contra os incendios forestais dos distritos forestais de Galicia
--


Incluirase este parágrafo ao final do epígrafe “Descrición e criterios de aplicación das medidas”:

Cómpre ter en conta que ao atoparse Galicia incluída nas zonas e espazos afectados por servidumes aeronáuticas (ver mapa), a execución de calquera construción, instalación (postes, antenas, aeroxeneradores, medios necesarios para a construción, incluídas grúas de construción ou similares) ou plantación, requirirá acordo favorable previo da Axencia Estatal de seguridade Aérea (AESA), consonte aos artigos 30 e 31 do Decreto 584/72 na súa actual redacción, circunstancia que deberá recollese nestes documentos de planificación.





Incluirase o seguinte mapa:



Modifícase a medida II.3.6 Plan plurianual de dotación de medios e recursos da Dirección xeral de Defensa do Monte

Incluirase este parágrafo ao final do punto “1.- Plan de sedes de distrito, talleres, almacéns, garaxes, puntos de encontro, punto de vixilancia e bases de medios aéreos” contido no epígrafe “Descrición e criterios de aplicación das medidas”:

A execución de calquera construción ou estrutura (postes, antenas, aeroxeneradores, etc) e a instalación dos medios necesarios para a súa construción (grúas ou similares) que se





eleven a unha altura superior aos 100 metros sobre o terreo ou sobre o nivel do mar dentro das augas xurisdicionais, requirirá pronunciamento previo da Axencia Estatal de Seguridade Aérea (AESA) en relación coa súa incidencia na seguridade das operacións aéreas, consonte ao disposto no artigo 8 do Decreto 584/72 na súa actual redacción.

Modifícase a medida VI.1.2. Desenvolvemento dos Plans de Ordenación dos Recursos Forestais: contido e alcance, vinculación e rango xerárquico

Incluirase este parágrafo ao final do epígrafe “Descrición e criterios de aplicación das medidas”:

Finalmente, cómpre ter en conta que ao atoparse Galicia incluída nas zonas e espazos afectados por servidumes aeronáuticas (ver mapa medida II.3.4.), a execución de calquera construción, instalación (postes, antenas, aeroxeneradores, medios necesarios para a construción, incluídas grúas de construción ou similares) ou plantación, requirirá acordo favorable previo da Axencia Estatal de seguridade Aérea (AESA), consonte aos artigos 30 e 31 do Decreto 584/72 na súa actual redacción, circunstancia que deberá recollese nestes documentos de planificación.

O director xeral de Planificación e Ordenación Forestal,

P.D. Resolución do 24/06/2021

O subdirector xeral de Recursos Forestais

Jacobo Aboal Viñas

Asinado dixitalmente polo subdirector xeral de Recursos Forestais,

